

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

Resolución do 29 de decembro de 2004 pola que se convocan 19 cursos básicos de protección civil.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade ten previsto realizar no ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade, anúnciase a realización de 19 cursos básicos de protección civil que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Dotar o persoal voluntario de protección civil dos coñecementos teórico-prácticos mínimos e xerais para o correcto desenvolvemento das súas actividades.

Segunda.-Destinatarios.

Os cursos van dirixidos aos membros das agrupacións de voluntarios de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-Desenvolvemento.

1. Prazas: o número de prazas ofertadas para cada curso é de 30.

2. Duración e datas: os cursos terán lugar durante o primeiro cuadrimestre do ano 2005 e cunha duración de 20 horas lectivas, en datas que se confirmarán coa suficiente antelación ao seu inicio.

3. Lugar: determinarase en función da localización das solicitudes recibidas.

Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos participantes é totalmente gratuíta.

2. O persoal que desexe participar nestes cursos deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 4 de febreiro de 2005.

4. As instancias deberán vir asinadas polo presidente da agrupación e seladas, e no caso de haber máis dunha solicitude da mesma agrupación, relacionalas en orde prioritaria. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo á sede da Academia Galega de Seguridade: avenida

da Cultura, s/n, 36680 A Estrada ou fax nº 986 59 09 88 ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinta.-Contido.

O curso básico de protección civil está dividido en varios módulos, que abrangue os seguintes contidos:

Módulo I: a protección civil.

Módulo II: os riscos, accidentes e autoprotección.

Módulo III: loita contra os incendios.

Módulo IV: comunicacións.

Módulo V: actuacións básicas ante emerxencias médicas.

Sexta.-Relación de admitidos.

A relación de participantes admitidos para a realización do curso exporase no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación á realización do curso. Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Sétima.-Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, a máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

Oitava.-Certificado de aproveitamento.

Ao remate dos cursos entregaráselles un certificado de asistencia e aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos.

Novena.-Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 29 de decembro de 2004.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

ANEXO

1.- CURSO: BÁSICO DE PROTECCIÓN CIVIL	
2.- DATOS DO SOLICITANTE	
Agrupación:	Fax agrupación:
Teléfono agrupación:	
Localidade:	
Nº de rexistro:	
Presidente:	
Persoas que se remiten para asistencia ao curso: <u>DNI</u>	
<u>APELLIDOS E NOME.</u>	
3.- CERTIFICADO DO PRESIDENTE DA AGRUPACIÓN:	
Certifico que as persoas que se relacionan pertencen á agrupación citada anteriormente neste anexo.	
Lugar e data	Sinatura do presidente e selo da agrupación, Asdo.: _____
4.- SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, a Academia Galega de Seguridade,	
Resolueu Seleccionar o/a interesado/a para asistir ao curso ou activ. sinalada Non seleccionar o/a	Sinatura e selo do órgano seleccionador Asdo.: _____

Director Xeral da Academia Galega de Seguridade

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Resolución do 30 de decembro de 2004 pola que se publican as bases que rexen a convocatoria do concurso unitario para a provisión de postos de traballo vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Por Resolución do 19 de outubro de 2004 da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, (BOE nº 278, do 20 de novembro), convocouse concurso unitario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, modificada pola Resolución do 13 de decembro de 2004.

Segundo o establecido no punto 3º do artigo 13 da Orde do 10 de agosto de 1994, do Ministerio para as Administracións Públicas, pola que se ditan normas sobre concurso de provisión de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, esta dirección xeral no uso das facultades que lle confire o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e a Orde do 12 de febreiro de 2003, sobre delegación de com-

petencias, modificada pola Orde do 31 de outubro de 2003

RESOLVE:

Publicar as bases do concurso unitario para a provisión de postos de traballo vacantes de Administración local con habilitación de carácter nacional correspondentes ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta publicación, en cumprimento da normativa de aplicación, realizase para os exclusivos efectos de publicidade e non supón a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2004.

P.D. (Orde 12-2-2003 modif. pola Orde 31 de outubro)

Alfonso Rueda de Valenzuela

Director xeral de Administración Local

ANEXO

Primeira.-Postos vacantes: teñen a consideración de postos vacantes para efectos deste concurso, e por tanto se ofrecen nel (anexo I):

Aqueles postos que, atopándose vacantes, con anterioridade ao 10 de febreiro de 2004, non fosen convocados polas corporacións locais no concurso ordinario.

Aqueles postos que, tendo sido convocados no concurso ordinario, quedasen desertos.